

CONVENIO DAS FUNDACIÓNS DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALEGAS (FINIBIC, FIDIS, FPGIBGS)



Un ano de negociación: avances, temas pendentes e posición da CIG-Saúde. Xullo 2026

A mesa negociadora **constituíuse en xullo de 2025 e as negociacións comezaron en setembro de 2025.**

Tras a reunión do 27 de xullo de 2026 xa están convocadas novas reunións para os meses de setembro e outubro, nas que deberán pechase os principais asuntos pendentes.

Que se leva avanzado?

- Xa quedaron **pechados**: dereitos e deberes, seguridade e saúde laboral, réxime disciplinario, representación sindical, confidencialidade, propiedade industrial e intelectual, formación, dereitos das vítimas de violencia de xénero, igualdade e uso do idioma.
- Atópanse **practicamente pechados**: disposicións xerais, xornada, horarios e vacacións, permisos, excedencias e conciliación.
- Continúan **pendentes**: clasificación profesional, réxime de persoal e contratación, sistema retributivo e disposicións transitorias e derradeiras.

Xornada

Na reunión do 27 de xullo acadouse un **acordo sobre o modelo horario**:

- **Presenza obrigatoria** entre as 9:00 e as 14:00.
- **Flexibilidade** entre as 7:00 e as 19:00.

Queda por acordar o prazo de compensación da flexibilidade. A Xunta compénsaa nun mes e a parte social propón tres meses.

Seguimos **sen acordo sobre o total de horas anuais**.

A **CIG-Saúde** continúa defendendo as **1.533 horas anuais do persoal estatutario do SERGAS**. A Administración négase a fixar unha cifra e limítase a indicar que será a mesma que a do persoal ao servizo da Administración da Xunta.

Tamén queda pendente o artigo de horas extraordinarias, diferenciando claramente estas da flexibilidade horaria.

Persoal financiado con programas

Outro dos principais **puntos de desacordo** é a aplicación do convenio ao persoal contratado con cargo a programas e convocatorias de financiamento externo.

A Administración continúa pretendendo limitar dereitos como o acceso ás excedencias do persoal contratado con financiamento externo. **A CIG-Saúde rexeita esta posición.**

A Administración propón limitar a aplicación do convenio a este persoal, chegando a cuestionar dereitos en materias como as excedencias, a modalidade ou tipo de vínculo contractual, as condicións retributivas e outros aspectos das condicións laborais. **A CIG-Saúde rexeita frontalmente esta posición. O convenio colectivo debe ser de aplicación íntegra para todo o persoal**, con independencia da orixe do financiamento do seu contrato. Só poderán existir excepcións naqueles supostos nos que a propia convocatoria de financiamento ou unha norma de rango superior establezan expresamente unha limitación.

Persoal afectado polo Decreto 10/2024

A Administración pretende establecer un tratamento específico para o persoal afectado polo Decreto 10/2024 do persoal investigador da Xunta de Galicia.

A CIG-Saúde rexeita que este persoal quede excluído do convenio con carácter xeral.

A administración facilitou no seo da mesa xeral de Función Pública un listado de postos afectados co que a **CIG-Saúde** está totalmente en desacordo.

CIG-Saúde foi o único sindicato que non asinou este decreto.

Estabilidade no emprego

A prioridade sindical é **negociar un verdadeiro proceso de estabilización do persoal**. Defendemos **que o contrato laboral fixo sexa o contrato ordinario de referencia** e que se limite o uso do contrato indefinido de actividades científico-técnicas aos supostos realmente excepcionais.

O seguinte paso: a negociación económica

Unha vez practicamente pechada a estrutura do convenio, resta negociar unha das partes máis importante: **salarios, complementos, trienios e carreira profesional**.

Correspóndelle agora á Administración presentar unha proposta salarial. **A CIG-Saúde defenderá a equiparación das táboas salariais coas do persoal estatutario do SERGAS.**

A **CIG-Saúde** defenderá a equiparación salarial co persoal estatutario do SERGAS. Os procesos de integración das persoas investigadoras como persoal estatutario e do persoal afectado polo Decreto 10/2024 **fan inaceptable** unha dobre escala salarial na que a maior parte do persoal das fundacións consolide unhas condicións retributivas peores.


A CIG-Saúde seguirá defendendo:



- Un convenio para todo o persoal, sen exclusións.
- A estabilidade no emprego.
- A equiparación salarial co SERGAS.
- Unha regulación da xornada que favoreza a conciliación familiar e da vida persoal.



**Seguiremos informando de
cada avance na negociación.**



fundacions.investigacion@cig-saude.gal

698122043

